

xestiona-los asuntos que lle encomende o Pleno ou o Presidente.

4º.—A Secretaría.

Actuará como Secretario o traballador do Concello que designe o Alcalde, preferentemente entre o persoal que preste os seus servicios no departamento con competencias en materia de educación. Redactará as actas do CEM, custodiará os documentos do Consello, e realizará os demais cometidos inherentes á súa función.

#### ARTIGO 5.—FUNCIONAMENTO

1.—Funcionamento do Pleno do CEM

a) Constitución inicial. Será necesario que asistan, como mínimo, a maioría absoluta dos membros que o compoñen. De non acadarse o quórum establecido, procederáse a unha nova convocatoria nun prazo máximo de 7 días, podendo constituírse se concorre un tercio dos membros.

b) Sesións. Celebrará tres sesións ordinarias ó ano, unha ó cuadrimestre, coincidindo cos meses de setembro, febreiro e xuño.

As sesións extraordinarias convocaranse á iniciativa da Presidencia ou se o solicita por escrito, como mínimo, unha terceira parte dos vocais.

As convocatorias realizaranse cunha antelación mínima de 72 horas.

c) Quórum de asistencia. Para válida celebración das sesións deberán concorrer, en primeira convocatoria, polo menos a maioría absoluta dos membros de dereito e, en segunda convocatoria, media hora máis tarde, a terceira parte.

Sempre será necesaria a presenza do Presidente e do Secretario.

d) Acordos. Os acordos adoptaranse por maioría dos votos dos asistentes.

2.—Funcionamento da Comisión Permanente:

Reunirase cando a convoque o Presidente ou á petición da maioría absoluta dos seus membros. Para a válida celebración das súas reunións deberán asistir, polo menos dous membros, ademais do Presidente.

3.—O CEM terá a súa sede nas dependencias municipais.

#### ARTIGO 7.—RENOVACIÓN

O mandato dos vocais do CEM será de dous cursos académicos, renovándose preferentemente os seus membros no mes de setembro.

Os membros tamén perderán a súa condición no momento en que deixen de pertencer os grupos que os propuxeron, ou as súas organizacións perdan a representatividade que lles permitiu nomealos.

No caso de producirse algunha vacante, deberá ser cuberta nun prazo máximo de dous meses. O novo membro será designado polo tempo que reste para completa-lo mandato do seu antecesor.

#### ARTIGO 8.—OUTRAS DISPOSICIÓNS

Sen prexuízo do establecido na Lei 3/86, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia e no Decreto 44/88, do 11 de febreiro, para o non previsto no presente Regulamento, será de aplicación supletoria a lexislación do réxime local.

A Guarda a vinte de novembro do ano dous mil tres.—O Alcalde, José Luís Alonso Riego. 9278

\* \* \*

## CRECENTE

### A N U N C I O

O Pleno deste Concello, na súa sesión celebrada o día 25 de setembro de 2003, aprobou inicialmente unha modificación das Ordenanzas Fiscais para o ano 2004 dos tributos que de seguido se relacionan. Mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 195 do 9 de outubro de 2004, o expediente foi exposto ó público durante o prazo de trinta días hábiles, sen que nese prazo fose presentada ningunha reclamación contra o mesmo, polo que se considera definitivamente aprobado de acordo có establecido no artigo 17.3 da lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais. Asemade, ós efectos establecidos no artigo 17.4 da mesma corpo legal, publícase o texto íntegro das Ordenanzas modificadas:

#### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES

##### ARTIGO 1.—NATUREZA E FUNDAMENTO

1.—O Imposto sobre Bens Inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles sitos no termo municipal de Crecente, establecido con carácter obrigatorio na Lei 39/1988 Reguladora das Facendas Locais.

2.—De conformidade cos artigos 60.1 a), 15.2 e 16.2 da citada Lei 39/1988 o Concello de Crecente acorda a imposición e ordenación deste tributo segundo o disposto nos artigos 61 a 78 da mesma Lei 48/2002 do Catastro Inmobiliario, as normas que contén a presente Ordenanza, e restante normativa de aplicación.

##### ARTIGO 2.—EXENCIONS

Ademais das exencións previstas nos apartados 1 e 2 do artigo 63 da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais, na súa nova redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, están exentos os

inmóbles urbanos nos que resulte unha cota líquida inferior a tres euros, así como o conxunto de inmóbles rústicos dun mesmo suxeito pasivo nos que a súa cota líquida agrupada sexa inferior a seis euros.

#### ARTIGO 3.—TIPO DE GRAVAME

A cota íntegra deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable, dos tipos de gravame seguintes:

- a) Para os bens inmóbles de natureza urbana: 0,5 %
- b) Para os bens inmóbles de natureza rústica: 0,5%
- c) Para os bens inmóbles de características especiais: 1,3%

#### ARTIGO 4.—BONIFICACIÓNS

Ademais da bonificación establecida no apartado 3 do artigo 74 da Lei 39/1988, de aplicación obrigatoria, establécense e regúlanse as seguintes:

1.—Terán dereito a unha bonificación do 50% da cota íntegra do Imposto, sempre que así o solicite o interesado antes do inicio das obras, os inmóbles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado. O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior á terminación das mesmas, sempre que durante este tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que , en ningún caso poida exceder de tres períodos impositivos.

2.—Terán dereito a unha bonificación do 50% no cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó do outorgamento de calificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme a normativa da Comunidade. Dita modificación concederáse a petición do interesado, a cal poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma e surtirá efectos, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite. Unha vez esgotada esta bonificación do 50% estas vivendas gozarán durante tres exercicios máis, dunha bonificación do 25% cota íntegra.

#### DISPOSICIONS FINAIS

1ª.—No non previsto na presente Ordenanza, serán de aplicación as disposicións contidas na Lei 39/1988, do 28 de decembro na súa nova redacción aprobada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, Lei 48/2002 de 23 de decembro, do Catastro Inmobiliar, e demais lexislación tributaria aplicable.

2ª.—A presente Ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación na data 25 de setembro de 2003, entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

#### ORDENANZA FISCAL REGULAMENTADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIONS, INSTALACIÓNS E OBRAS

#### ARTIGO 1º.—FEITO IMPOÑIBLE

1.—Constitue o feito impoñible do imposto, a realización dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenzia urbanística, obtida ou non a devandita licenzia, sempre que a súa expedición corresponda a este Municipio.

2.—As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en:

- A) Obras de nova construción de edificacións e instalacións de toda clase de nova planta.
- B) Obras de demolición.
- C) Obras en edificios, tanto aquelas que modifiquen a súa disposición interior como o seu aspecto exterior.
- D) Aliñacións e rasantes.
- E) Obras de fontanería e saneamento.
- F) Obras en cemiterios.
- G) Calesquera outras construcións, instalacións e obras que requiran licenzia de obra ou urbanística.

#### ARTIGO 2º.—SUXEITOS PASIVOS

1.—Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuintes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios dos inmóbles sobre os que se realicen aquelas.

A estes efectos terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra, quen soporte os gastos ou o custo que supoña a súa realización.

2.—No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do mesmo, os que soliciten a correspondentes licenzias ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir ó contribuínte o importe da obriga tributaria satisfeita.

**ARTIGO 3º.—EXENCIONES**

Está exenta do pago do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra de que sexa dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, que estando suxeitas ó mesmo, vaia a ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obra de inversión nova como da súa conservación.

**ARTIGO 4º.—BASE IMPOÑIBLE, COTA E DEVENGO**

1.—A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, entendéndose por tal, a estes efectos, o custo de execución material daquela.

Non forman parte da base imponible o imposto sobre o valor engadido e demais imposto análogos, nin tampouco as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, ou beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estrictamente, o custo de execución material.

2.—A cota do imposto será resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

3.—O tipo de gravame será o que figura no anexo desta ordenanza.

4.—O imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non contara coa correspondente licencia.

**ARTIGO 5º.—XESTIÓN**

1.—Cando se conceda licencia preceptiva practícase unha liquidación provisional, determinándose a base imponible en función do presuposto presentado polos interesados, sempre que o mesmo houbera sido visado polo colexio oficial correspondente; noutro caso, a base imponible será determinada polos técnicos municipais, de acordo có custo estimado do proxecto.

2.—Á vista das construcións, instalacións e obras efectivamente realizadas e do custo real efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a base imponible a que se refire o apartado anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva, e existindo o suceso pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

3.—O Concello poderá esixir este imposto en réxime de autoliquidación.

**ARTIGO 6º.—INSPECCIÓN E RECAUDACIÓN**

A inspección e recadación do imposto realizaranse de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

**ARTIGO 7º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

En todo caso o relativo a calificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan a cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e desenrolan.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente redacción desta ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 25 de setembro de 2003, entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no B.O.P., sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2004, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**A N E X O**

O tipo de gravame será o seguinte: 2%.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA  
DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL  
OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO  
PÚBLICO LOCAL**

**ARTIGO 1º.—FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúen feitos imponsebles destas taxas os aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas do dominio público local no seu solo subsolo e voo, que de seguido se relacionan:

- a) Apertura de zanzas, calicatas e calas en terreos de uso público local, inclusive estradas, camiños e demais vías públicas locais, para a instalación e reparación de cañerías, conducións e outras instalacións, así como calquera remoción do pavimento ou beirarrúas na vía pública.
- b) Ocupación de terreos de uso público local con mercadorías, materiais de construción, refugados, valados, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións análogas.
- c) Ocupación de terreos de uso público local, con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.
- d) Instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións, situados en terreos de uso público local, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.

- e) Tendidos, tuberías, galerías para a condución de enerxía eléctrica, auga, gas fibra óptica ou calquera outro servizo; postes, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro; arquetas, surtidores de gasolina, aparatos de venda automática, fotografía, básculas, caixeiros automáticos ou outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas en solo, voo ou subsolo de dominio público local.
- f) Calquera outro aproveitamento especial do dominio público local que conceda este Concello.

#### ARTIGO 2º.—SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo primeiro.

#### ARTIGO 3º.—RESPONSABLES

Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da lei xeral tributaria.

#### ARTIGO 4º.—COTA TRIBUTARIA

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

#### ARTIGO 5º.—BENEFICIOS FISCAIS

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

#### ARTIGO 6º.—DEVENGO

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir:

- Nos servizos de retribución puntual, cando se presente a solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento.
- Nos servizos de retribución periódica, percibirase a taxa o día primeiro de cada ano natural.

#### ARTIGO 7º LIQUIDACIÓN

- Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo, en todo caso antes

de iniciarse o expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

- Cando se trate de servizos de retribución periódica liquidarase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou na liquidación única anual.
- Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarse a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento Xeral de Recadación para as liquidacións de contraído previo, sen perxuízo da apertura do oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

#### ARTIGO 8º INGRESO

O pagamento desta taxa realizarase:

- Nas liquidacións de contraído previo na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ó inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.
- Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

#### ARTIGO 9º INFRACCIÓN E SANCIÓN

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

#### ARTIGO 10º NORMAS DE XESTIÓN

- As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Con carácter previo á autorización ou concesión da licenza do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.
- No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.
- Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.
- Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos

no período natural seguinte ó de presentación da mesma, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

#### DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2004.

#### A N E X O

1.—As contías das taxas reguladas nesta ordenanza serán as fixadas nas tarifas seguintes:

- a) Calicatas e zanzas ou calquera remoción do pavimento e beirarrúas, por metro liñal ou fracción: 2,10 €
- b) Mercadorías, materiais de construción, valados, puntais, andamios, e outras instalacións análogas, por cada fracción de 15 días.....18,03 €
- c) Mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa:
  - por cada mesa ou velador: 0,12 €.
  - por cada cadeira: 0,06 €.
- d) Postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións, situados en terreos de uso público local, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.
  - por cada m2 ocupado e día para a venda de produtos alimenticios de consumo inmediato: 0,15 €.
  - por cada m2 ocupado e día para a venda de ropas, calzado e outros: 0,45 €.
  - tómbolas, por cad m2 ocupado e día: 0,30 €.
  - barracas de comidas, bebidas e outros, m2 e día: 0,06 €.
  - outras instalacións de espectáculo ou recreo: 0,60 €.
- e) Outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas en solo, voo ou subsolo de dominio público local:
  - Aparatos de venda automática, fotografías, básculas e similares: 6 €.
  - Arquetas, cada m2: 2,40 €.
  - Caixeiros automáticos adosados a edificios en que a súa utilización implique un aproveitamento especial da vía pública, por unidade e ano: 300€.
  - Por ocupación do voo e subsolo con tendidos, tuberías, galerías para a conducción de enerxía eléctrica, auga, gas fibra ópti-

ca ou calquera outro servizo, ml/mes: 3 €.

2.—Cando se trate de taxas por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministrados que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, a contía da taxa regulada nesta Ordenanza consistirá, en todo caso e sen excepción algunha, no 1,5% dos ingresos brutos procedentes de facturación que obteñan anualmente en cada termo municipal as referidas empresas.

A estes efectos, incluíranse entre as empresas explotadoras de ditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras dos mesmos.

Non se incluírán neste réxime especial de cuantificación da taxa os servizos de telefonía móbil.

Este réxime especial de cuantificación aplicárase ás empresas a que se refire este apartado, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das que se efectúan os suministros como se, non sendo titulares de ditas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión ás mesmas.

A efectos do disposto neste epígrafe, entenderase por ingresos brutos procedentes de facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, teñan sido obtidos pola mesma como contraprestación polos servizos prestados en cada termino municipal,

Non se incluíran entre os ingresos brutos, a estes efectos, os impostos indirectos que graven os servizos prestados nin as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade a que se aplique este réxime especial de cuantificación de taxa. As empresas que empreguen redes alleas para efectuar os subministrados deducirán dos seus ingresos brutos de facturación as cantidades satisfeitas a outras empresas en concepto de acceso ou interconexión ás redes das mesmas. As empresas titulares de tales redes deberán computar as cantidades percibidas por tal concepto entre os seus ingresos brutos de facturación.

O importe derivado da aplicación deste réxime especial non poderá ser repercutido ós usuarios dos servizos de subministro o que se refire este apartado.

As taxas reguladas neste apartado son compatibles con outras taxas que poidan establecerse pola prestación de servizos ou realización de actividades de competencia local, das que as empresas a que se refire este apartado deben ser suxeitos pasivos conforme ó establecido no artigo 23.1 b) da Lei 39/88, a excepción doutras taxas derivadas de utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais.

3.—A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación en data 25 de setembro de 2003.

**ORDENANZA FISCAL REGULAMENTADORA DA TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE**

**ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E NATUREZA**

Ó amparo do previsto nos artigos 20 e 58 da Lei 39/88 de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais e de conformidade có que dispoñen os artigos 15 a 19 do devandito texto legal, este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase e outros usos similares.

**ARTIGO 2º.—FEITO IMPONIBLE**

Constitúe o feito imponible desta taxa o aproveitamento especial da vía pública e terreos de dominio público que ten lugar coa entrada de vehículos ó interior de edificios, fincas ou locais a través de dominio público local, e a reserva da vía pública para aparcamento exclusivo, prohibición de estacionamento, parada de vehículos e carga e descarga de mercadorías de calquera clase, especificado nas tarifas contidas no anexo desta ordenanza.

**ARTIGO 3º.—SUXEITOS PASIVOS**

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo segundo.

Será suxeitos pasivos substitutos do contribuínte desta taxa os propietarios dos terreos e locais ós que den acceso ditas entradas de vehículos, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

**ARTIGO 4º.—RESPONSABLES**

Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

**ARTIGO 5º.—COTA TRIBUTARIA**

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

**ARTIGO 6º.—BENEFICIO FISCAIS**

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

**ARTIGO 7º.—DEVENGO**

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír:

- Nos servicios de retribución puntual, no momento de presenta-la solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento.
- Nos servicios de retribución periódica, devengarase a taxa o día primeiro de cada ano natural.

**ARTIGO 8º.—LIQUIDACION**

Cando se trate de servicios puntuais, liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

Cando se trate de servicios de retribución periódica, liquidarase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou no padrón anual de exaccións municipais.

Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recaudación para a liquidación de contraída previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

**ARTIGO 9.—INGRESO**

O pagamento desta taxa realizarase:

- Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ó inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.
- Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

**ARTIGO 10.—INFRACCIONS E SANCIONS**

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

**ARTIGO 11.—NORMAS DE XESTION**

As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidades interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.

No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicita-la devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.

Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.

Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte o de presentación da mesma, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente redacción desta ordenanza fiscal, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 25 de setembro de 2003, entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no B.O.P., sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2004, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**A N E X O**

1º.—A tarifa que se aplicará para a exacción desta taxa será a seguinte:

<u>CONCEPTOS</u>	<u>EUROS</u>
1.—Entrada de vehículos (vaos):	
— en vivendas unifamiliares, ó ano.....	30 €
— en garaxes colectivos, ó ano.....	42 €

A reserva de vía pública, de cara á entrada de vehículos, precisará o sinal de vao permanente. A súa adquisición e colocación será obligatoria a cargo do contribuínte e terá que ser autorizada previamente polo Concello.

2.—Reserva de aparcamento:

- Por cada metro lineal ou fracción, ó ano: 6 €.
- Por cada parada de autoturismo na vía por praza, unha cota anual de: 20 €.

2º.—A presente modificación da ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación en data 25 de setembro de 2003.

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS URBANISTICAS****ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E NATUREZA**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por licencias urbanísticas, que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal, cuas normas atenden á previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

**ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo a que se refire a Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e protección do medio rural de Galicia e demais lexislación concordante, que se realicen no termino municipal axuntáanse ás normas urbanísticas, de edificación e de policía previstas na devandita lexislación e no Planeamento e normativa urbanística deste municipio

**ARTIGO 3º.—SUXEITOS PASIVOS**

1. Son suxeitos pasivos obrigados ó pagamento dos dereitos e taxas previstas na ordenanza as persoas naturais ou xurídicas solicitantes e/ou titulares da respectiva licenza ou documento.

2. Os solicitantes e/ou titulares da licenza deberán facer constar na solicitude nome, DNI ou CIF, domicilio fiscal do dono do terreo, dono das obras e empresa constructora.

**ARTIGO 4º.—RESPONSABLES**

1. Responderán solidariamente cós suxeitos pasivos os propietarios ou posuidores, así como os arrendatarios, no seu caso, dos inmobles nos que se realicen as obras, instalacións ou construcións.

2. Serán substitutos dos contribuíntes os promotores e os contratistas.

**ARTIGO 5º.—BASE IMPOÑIBLE**

Tomarase como base imponible, que en tódolos casos coincidirá coa base liquidable, o presuposto da construción, instalación ou obra a realizar, agás o disposto no apartado b) do anexo desta ordenanza.

**ARTIGO 6º.—COTA TRIBUTARIA**

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

## DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2004.

## A N E X O

1º.—As cotas a satisfacer resultarán de aplicar los tipos seguintes:

- a) Licencias de obra: 1.
- b) Outros servicios:
  - Licencias de parcelación urbanística, por cada parcela resultante: 30 €.
  - Licencias de primeira ocupación: 36 €.

2º.—A presente modificación da ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación en data 25 de setembro de 2003.

## TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS

## A N E X O

1º.—A tarifa que se aplicará para a exacción desta taxa será a seguinte:

<u>CONCEPTOS</u>	<u>EUROS</u>
— Certificados de empadramento padrón vixente .....	2
— Certificados de padróns antigos .....	3
— Certificados sobre datos catastrais ...	4
— Certificacións de informes urbanísticos	6
— Resto de certificados e informes .....	3
— Autorizacións ou licencias no suxeitas a ordenanza fiscal .....	4
— Por consulta ou expedición de información catastral, cada copia ...	3
— Búsqueda ou cotexo de documentos no arquivo municipal .....	3
— Compulsas, cotexo e bastanteo de documentos .....	1,50
— Copias a petición de parte interesada, de documentos integrantes de expedientes en trámite, cada folio ...	0,08
— Copias de calquera outro documento municipal non expresamente tarifado .....	0,10
— Fotocopias en xeral por cada folio ...	0,15
— Fotocopias de documentos urbanísticos .....	0,60
— Por tramitación de expedientes de declaración de ruína .....	18

- Por tramitación de licencia de festas, cada día .....
- 12
- Por envío ou recepción por medios telemáticos, cada folla ou fracción ...
- 0,60

2º.—Estarán exentos desta taxa a expedición de documentos, compulsas, copias así como os servicios prestados para prover ós interesados de documentación solicitada polos servicios sociais do Concello.

3º.—A presente modificación da ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación en data 25 de setembro de 2003.

**TAXA POR DISTRIBUCIÓN AUGA, GAS,  
ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECIMENTOS  
PÚBLICOS INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE  
DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN  
DE CONTADORES E INSTALACIÒNS ANÀLOGAS**

## A N E X O

CONCEPTOS EUROS

A) Consumos (liquidación cuatrimestral):

- 1.—Usos domésticos e comerciais:
  - Mínimo de 40 m3 cuadrimestre, cota mínima .....
  - 3,6
  - Más de 40m3 ata 80 m3/cuadrimestre, cada m3 .....
  - 0,12
  - Mais de 80 m3 ata 120 m3/cuad./cada m3 .....
  - 0,15
  - Excesos de 120m3 cuad./cada m3 de exceso .....
  - 0,30

2.—Usos industriais e obras:

- Mínimo de 80 m3 cuad/cota mínima
- 12
- Más de 80 m3 ata 120 m3/cuad./cada m3 .....
- 0,20
- Excesos de 120 m3/cuad./cada m3 ...
- 0,30

B) Altas de conexión .....

90,15

C) As acometidas realizadas sen autorización sancionaranse cunha multa de 150 €, sen perxuízo das demais medidas que se tomen.

D) Ós aboados que non teñan instalado contador, facturaráselles un mínimo de 120 m3/cuadrimestre para usos domésticos e comerciais e de 600 m3/cuad. para os usos industriais e de obras, dándolle ó contribuínte un prazo de catro meses para que instale o contador e no caso contrario procederase o corte do subministro de auga.

2º.—A presente modificación da ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación en data 25 de setembro de 2003.

**TAXA POLO SERVICIO DA REDE DE SUMIDOIROS****A N E X O**

1º.—A tarifa que se aplicará para a exacción desta taxa será a seguinte:

CONCEPTOS EUROS

A) Pola prestación do servizo da rede de sumidoiros, cota anual:

- Vivendas e locais comerciais..... 6
- Industrias..... 18

B) Altas de conexión..... 150

2º.—A presente modificación da ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación en data 25 de setembro de 2003.

**TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO****A N E X O**

1º.—A tarifa que se aplicará para a exacción desta taxa será a seguinte:

CONCEPTOS EUROS

- Vivendas..... 24€.
- Locais comerciais..... 48€.
- Bares, restaurantes e cafeterías..... 48€.
- Hoteis, hostais, pensións e establecementos de turismo rural.. 40€.
- Industrias e talleres..... 50€.
- Naves e almacéns ..... 50€.
- Bancos e caixas de aforro..... 48€.
- Establecementos non enunciados semellantes os que si o foron, tributarán con cota igual a do que mais se lle pareza.

2º.—A presente modificación da ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación en data 25 de setembro de 2003.

**TAXA POR APERTURA DE ESTABLECEMENTO****A N E X O**

1º.—A tarifa que se aplicará para a exacción desta taxa será a seguinte:

CONCEPTOS EUROS

- Fábricas..... 420,71
- Talleres..... 150,25
- Outros establecementos industriais... 120,20
- Almacéns..... 150,25
- Supermercados e bazares ..... 120,20
- Comercios e tendas..... 120,20
- Outros establecementos comerciais... 90,15
- Bancos ..... 420,71
- Hoteis, cafeterías, cines e sociedades deportivas recreativas ..... 300,51

- Establecementos de turismo rural..... 300,51
- Bares..... 120,20
- Tabernas..... 60,10
- Outros establecementos sector servicios..... 60,10
- Locais sociais similares ..... 45,08
- Por transferencia o traspaso, o 50% do importe correspondente.

2º.—A presente modificación da ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación en data 25 de setembro de 2003.

Crecente, a 20 de novembro de 2003.—O Alcalde, Julio C. García-Luengo Montero. 9277

**Tribunal Superior de Justicia****Sala de lo Social****LA CORUÑA**

Don Juan Luis Guisasola Bustillo, Secretario de la Sala de lo Social del Tribunal Superior de Justicia de Galicia.

Doy fe y certifico: Que en el recurso de Suplicación nº 1265-2001 RF seguido a instancia de la Mutua Gallega de Accidentes de Trabajo contra INSS y otros sobre accidente, recayó sentencia con fecha veintiuno de noviembre cuya parte dispositiva dice así:

“Fallamos: Que, con estimación del recurso de suplicación, plantado por la Mutua Gallega de Accidentes de Trabajo, contra la sentencia, dictada por el Ilmo. Sr. Magistrado-Juez de lo Social nº 5 de Vigo, en fecha 31 de octubre de 2000; con revocación de su fallo; y con estimación de la demanda; debemos acordar y acordamos la revocación de la resolución administrativa, que reconoce una IPP a don Jaime Iván Bolados Jeraldo, y debemos declarar y declaramos que éste solamente esta afecto de lesiones permanentes no invalidantes, indemnizables conforme a los epígrafes números 71 y 73 del Baremo Anexo de la Orden Ministerial de 16 de enero de 1991; condenando al INSS, a la TGSS, al citado don Jaime Iván Bolados Jeraldo y a la empresa Astilleros Facho, S.L., a estar y pasar por las anteriores declaraciones.

Devuélvanse a la Mutua los depósitos, que consignó para recurrir.

Notifíquese esta resolución a las partes y a la Fiscalía del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, haciéndoles saber que contra la misma, sólo cabe recurso de Casación para unificación de doctrina que se preparará por escrito ante esta Sala de lo Social, dentro de los diez días siguientes a la notificación de esta sentencia y de acuerdo con lo dispuesto en los arts. 219 y siguientes de la Ley de